



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CERVO PARA O PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA CUBERTA, URBANIZACIÓN DA ÁREA PARA APARCAMENTO E OBRAS ACCESORIAS NO COMPLEXO ARTESANAL DE SARGADELOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Cervo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Cervo para a realización do proxecto de ampliación da cuberta xa existente no Complexo Artesanal Sargadelos, a urbanización do espazo lindeiro á denominada Nave de Fundición para xerar unha zona de aparcamento organizado, así como pequenas obras accesorias que se consideran necesarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o Concello ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar o proxecto de ampliación da cuberta xa existente no Complexo Artesanal Sargadelos.

O presente proxecto ten por obxecto a ampliación da cuberta xa existente no Complexo Artesanal Sargadelos, a urbanización do espazo lindeiro á denominada Nave de Fundición para xerar unha zona de aparcamento organizado, así como pequenas obras accesorias que se



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

consideran necesarias.

A edificación na que se pretende intervir se atopa catalogada como BIC na categoría de Conxunto Histórico-Artístico, mediante Decreto 2642/1972, do 18 de agosto (BOE do 2 de outubro).

Posteriormente concreouse a súa delimitación mediante Resolución do 3 de febreiro de 1992 da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental de la Consellería de Cultura e Xuventude.

O estado actual do edificio das cabalarías está rehabilitado e en uso, nel implantouse en 2016 o Centro Artesanal Sargadelos. O edificio principal foi construído no el século XVII, con acceso desde a estrada provincial C.P.1505, en paredes de mampostería e cuberta de lousa, cunha superficie en planta de 840 m2 (526 m2 de edificio e 314 m2 de patio). O patio se atopa parcialmente cuberto desde 2016, e é neste patio e nos seus muros nos que se vai centrar a actuación descrita nesta memoria, así como tamén no espazo lindeiro á Nave de Fundición que se atopa tamén en uso.

Valorando o anteriormente exposto, considéranse actuacións necesarias as seguintes:

-Ampliación da cuberta existente sobre el patio anexo ás antigas cabalarías da Fábricas de Sargadelos do “Centro Artesanal de Sargadelos”.

-Urbanización e definición das prazas de aparcamento a concretar no espazo existente diante da Nave de Fundición, onde tamén se habilita un espazo para a colocación dos colectores. Se repñen tamén diferentes elementos presentes na área de traballo, adecuándoos á nova disposición. Contéplase, así mesmo, a reparación das varandas existentes executadas a base de rollizos de madeira nas inmediacións do canal lindeiro co aparcamento, e se reporán los tramos danados ou inexistentes.

-A execución de pequenas obras accesorias consistentes en:

☐ A división co entaboado de madeira do acceso aos aseos existentes na nave principal e a apertura do oco de paso, con instalación de porta similar á existente, no muro de mampostería de peche do recinto; para acceso independente aos aseos, xunto coa reparación



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

da porta de acceso ao patio cuberto.

□ A reparación das dúas portas de acceso aos aseos de la carboeira (actual museo), e a substitución das carpinterías das fiestras de ventilación e iluminación dos mesmos.

O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación, indica que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Segundo.- Que as entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, competencias en materia de patrimonio histórico-artístico e protección do medio ambiente, así como postos en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de turismo.

Terceiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- Que o obxectivo da actuación é a ampliación da cuberta xa existente no Complexo Artesanal Sargadelos, a urbanización do espazo lindeiro á denominada Nave de Fundación para xerar unha zona de aparcamento organizado, así como pequenas obras accesorias que se consideran necesarias.

Quinto.- Que o Concello de Cervo por si só non conta cos recursos suficientes para facer



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



fronte a estes traballos polo que as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración para o desenvolvemento de tales actuacións, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Cervo senón tamén na nosa Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Cervo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la iglesia Lema



Xacobeo 2021

